



UNIVERSIDADE DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
 D. Salustiano Mato de la Iglesia
 D. Pedro Merino Gómez
 D. Javier de Vicente Remesal
 D. Antón Fernández Álvarez
 D. Juan M. Suárez Creo
 D. José M. Da Rocha Álvarez
 D. Xosé Manuel Cid Fernández
 D. Julio Taboada Pérez
 D^a. Margarita Estévez Toranzo
 D^a. M^a Luisa Alonso Escontrela
 D. Miguel Ángel Areán Míguez
 D^a. Fátima Arias Novoa
 D^a. Silvia Bermúdez Pérez
 D. Manuel Ángel Candelas Colodrón
 D^a. M^a Victoria Carballo-Calero Ramos
 D. Víctor Cardador González
 D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
 D. Pablo Javier Cebral Loureda
 D. Eusebio Corbacho Rosas
 D^a. Patricia Corbacho Suso
 D. José Durany Castrillo
 D^a. Iria Estévez González
 D. José Ramón Fernández Bernárdez
 D. Manuel Fernández Cruz
 D. Rubén Garrido Bernárdez
 D. José Manuel Gil Villanueva
 D. José Luis Legido Soto
 D. Gonzalo Marino González
 D. Andrés Mazaira Castro
 D. Pedro Membiela Iglesias
 D. Luis Ortíz Torres
 D. Antonio Pena Giménez
 D. Candido Pérez Betanzos (CIG)
 D. Luis Pérez Gómez
 D^a. Nikole Pérez Mato
 D. José Pose Blanco
 D. M^a José Roca Fernández
 D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
 D. Patricio Sánchez Bello
 D. Xoán Xosé Santamaría Conde (UXT)
 D. José Tojo Suárez
 D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
 D. Manuel Varela Lafuente
 D. Manuel Velasco Graña
 D. Federico Vilas Martín

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, de once de decembro de dous mil, ás 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación

O luns, **día 11 de decembro de 2000**, ás 10:00 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (9-11-2000 , 24-11-2000).
- 2.- Informe do Rector.
- 3.- Aprobación, se procede, do orzamento do ano 2001.
- 4.- Asuntos de profesorado: prazas BOE, transformacións, visitantes. Proposta de nomeamento de profesor emérito.
- 5.- Modificacións puntuais das normas de xestión académica.
- 6.- Aprobación, se procede, do I master en Xestión de Empresas de Automoción
- 7.- Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (9-11-2000 , 24-11-2000).

Acta 9-11-2000. Acéptase a solicitude do profesor Santamaría para que sexa incluída no punto nº 7 a súa intervención en relación coa concesión das Medallas de Ouro da Universidade.

Apróbase por asentimento.

Acta 24-11-2000. A Sra. Corbacho Suso indica que debe corrixirse na súa intervención 13 de novembro por 13 de xaneiro.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Rector.

O Rector informa do acto de concesión das medallas de ouro da Universidade á Xunta de Galicia e á Universidade de Santiago, que terá lugar o día 20 de decembro na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Tamén informa da tramitación do convenio para o plano de promoción de profesorado.

Punto 3. Aprobación, se procede, do orzamento do ano 2001.

En primeiro lugar intervén o Vicerrector de Planificación, Don José M^a Da Rocha, que fai a presentación do orzamento para o ano 2001.

A continuación ábrese un turno de intervencións.

O profesor R. Berrocal cualifica o orzamento de malo, restrictivo e prexudicial para a Universidade. Di que vai dirixido a partidas que non melloran a calidade da docencia e da investigación. Anuncia o seu voto en contra.

O profesor Corbacho pide aclaracións sobre o programa para xestionar os créditos dos Departamentos. Considera que o fundamental é o debate cara a programación plurianual.

O profesor Tojo di que os presupostos son estacionarios e iso é moi preocupante. Coincide co profesor R. Berrocal en que a docencia e a investigación non están ben tratadas. Valora positivamente que se incremente a partida de "Biblioteca" e pide aclaracións sobre as partidas 451.03 (Convenio para o plano de promoción do profesorado), 228.03 (invitados), 622.01, 622.02 (edificios) e 461.05 (bolsas postdoutorais). Di que hai que estudar ben como se parametriza o terceiro ciclo.

O profesor Pose di que hai falta de política presupostaria. Manifesta a súa preocupación polo estancamento do presuposto e considera que os ingresos están sobreestimados. Di que imputar anualmente o coste das obras pode dar lugar no tempo a déficits importantes.

O Vicerrector de Planificación, Don José M^a Da Rocha, respóndelle que é necesario falar con rigor. Di que hai que facer planos plurianuais e axustar os ingresos coa execución das obras.

O profesor Pena Giménez pide aclaracións sobre a partida 625 (mobiliario e equipamento) e o artigo 2.1 (reparación e conservación) do programa gastos centralizados.

O Sr. Velasco pregunta polo desenvolvemento da partida de incentivos ó rendemento. Di que hai unha partida de 30 millóns de pts. para cursos de formación e que non foi elaborado un plano de formación.

O Xerente responde que hai un plano 2000-2003 que contempla formación e incentivos e que nesa cantidade de 30 millóns queda reflectida a primeira parte dese plano.

A Sra. Corbacho centra a súa intervención na partida 229.03. Pregunta se as delegacións de alumnos poderían realizar gastos sen tramitalas no Decanato. Manifesta a súa protesta polo estancamento desa partida. Pide que o remanente se incorpore o ano seguinte e que se poida comprar material inventariable sen ter que facer transferencia de crédito. Pregunta se pode haber capítulo VI no orzamento das delegacións.

O Vicerrector de Planificación di que nos criterios de reparto da partida 229.03 (delegacións de alumnos), figura " 50% para gastos de funcionamento da delegación e 50% repartida polo director do Centro proporcionalmente á representatividade dos estudiantnes ". Indica que a Comisión Económica considera que debería cambiarse por 40% e 60%, respectivamente.

A Sra. Corbacho non está de acordo e di que a delegación debería ter máis capacidade de decisión.

O Sr. Garrido discrepa da opinión manifestada pola Sra. Corbacho. Di que en moitos casos, as delegacións non gastan todo. Hai que reducir os gastos correntes e axustalos máis ó necesario.

A Sra. Bermúdez coincide coa opinión do Sr. Garrido. Fala de irregularidades no funcionamento dalgunhas delegacións.

O profesor Legido intervén sobre as normas de execución da partida de comunicacións nos Departamentos. Hai unha cantidade fixa e o resto queda asumido polo Departamento. Os Departamentos que teñen máis proxectos de investigación soportan gastos de teléfono máis fortes que non se poden cargar ós proxectos e teñen que ser asumidos co presuposto ordinario do Departamento. Por iso, non se debería repartir só polo número e tipo de profesores, habería que facer algún tipo de ponderación en función dos proxectos.

O Rector responde que se podería estudar se dos ingresos indirectos que chegan á Universidade por proxectos, se podería imputar unha parte nos Departamentos.

O profesor Durany di que os Departamentos que teñen máis proxectos, teñen máis produción científica e, polo tanto, máis ingresos.

A profesora Alonso Escontrela pregunta se hai recursos para o proxecto da Facultade de

Ciencias da Educación de Pontevedra (respóndeselle que si)

O profesor Santamaría fai a intervención que se recolle no anexo I.

O Rector indica que todos estamos de acordo en que o orzamento é escaso e restrictivo, Estase a intentar conseguir financiamento adicional a través da Cotop e da Cidade Universitaria S.A. Xa foi transmitido á Xunta de Galicia que os recursos adicados ás Universidades non son un plano de financiamento senón un programa de axuste.

A Sra. Corbacho recorda a súa petición anterior de que haxa capítulo VI no orzamento das delegacións. Tamén pide que se poida contar cos remanentes non gastados.

O Vicerrector de Planificación di que estudiará que parte do presuposto se pode pasar ó capítulo VI así como a posibilidade de facer un programa das delegacións cos seus distintos capítulos.

O Sr. Cebral pide que non se aplique o reparto 40%-60% e se siga co anterior (50%-50%). Pregunta con que criterios se xestionaría ese 60%.

O Sr. Garrido di que o problema dos criterios de reparto é o mesmo coa opción 40%-60% que coa 50%-50%.

Pásase a votar o tipo de criterio de reparto na partida 229.03. Delegacións de alumnos:

Proposta 1: 40%-60%-	4 votos
Proposta 2: 50%-50% -	14 votos
Abstencións:	21

Apróbase a proposta nº 2.

Por último, faise a votación global do orzamento:

A favor:	26 votos
En contra:	7 votos
Abstencións:	8

Apróbase o orzamento do ano 2001, para a súa remisión ó Claustro (anexo II)

Punto 4. Asuntos de profesorado: prazas BOE, transformacións, visitantes. Proposta de nomeamento de profesor emérito.

- Prazas BOE

Apróbanse por asentimento as seguintes:

C04 220 TIT-UN Vigo ---

T04	555	TIT-UN	Vigo	Miguel Iglesias Duro
T04	555	TIT-UN	Vigo	Beatriz Orge Álvarez
T06	505	TIT-UN	Pontevedra	Henrique Lorenzo Cimadevila
T11	785	TIT-EU	Vigo	Luis Eduardo Eguizábal Gándara

Quedan pospostas para ser tratadas ó final do punto as prazas da área de coñecemento 780 (Tecnoloxía dos Alimentos) do Departamento T04 (Enxeñería Química).

-Transformacións:

Apróbanse por asentimento as seguintes:

C11	755	Inmaculada Prieto Jimenez	de AX-UN2 a TIT-UN interino
H06	814	Anxo Fernández Ocampo	de PP1 a TIT-UN interino
T01	305	Mª Itziar Goicoechea Castaño	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
T01	305	Ricardo Ladero Lorente	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
T01	305	Carlos Martínez González	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
T01	305	María Jesús Puzas Dacosta	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
T01	305	Aquilino Fernández Álvarez	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
T04	555	José Manuel Domínguez González	de PP2 a TIT-UN interino
T11	785	Miguel Ángel Domínguez Gómez	de PP1 a TIT-UN interino

-Visitantes

Apróbanse por asentimento:

- Dona María Castellano Méndez, coa categoría de PP1, no Departamento de Estatística e Investigación Operativa.
- Dona Mónica Siota Álvarez, coa categoría de de TIT- EU interina, no Departamento de Dereito Público.

Queda posposta a decisión sobre a proposta de contratación como visitantes de Dª Gema Arturo Díaz (Tecnoloxía dos Alimentos).

A continuación trátase o tema das prazas de Tecnoloxía dos Alimentos. O Vicerrector de Profesorado explica que o Consello de Departamento de Enxeñería Química decidiu solicitar a saída de dúas prazas a BOE e a contratación dun visitante. Estase a decidir sobre a amortización de dúas prazas vacantes que xa existían anteriormente. A Comisión de Docencia acordou que este tema fora tratado en Xunta de Goberno.

De seguido interveñen o profesor Sánchez Bermúdez (Director de Departamento de Enxeñería Química), a Sra. Gil de la Peña (anterior profesora da área) e o profesor Carballo (Catedrático de Enxeñería Química).

O profesor Sánchez Bermúdez di que o Consello de Departamento do día 19 de setembro de 2000 acordou por unanimidade solicitar a saída a BOE das dúas prazas vacantes; unha delas co mesmo perfil que no seu día solicitara a Sra. Gil de la Peña e outra co perfil que decidiu a área.

A Sra. Gil de la Peña fala da súa traxectoria na Universidade dende o ano 1992. Foi cesada en xullo de 2000 e di que quedou nunha situación de indefensión por quedar fóra da comunicade universitaria. Pide que se lle permita continuar o seu labor docente e investigador e que se sae unha praza que sexa co perfil "Enoloxía" (di que no seu día a solicitou co perfil xeral porque era o único que lle foi permitido).

O profesor Carballo di que a intervención anterior ten inexactitudes. Di que no seu día concorriron á praza os profesores López Buesa e Gil de la Peña, sendo o primeiro deles o que gañou o concurso. Este profesor non chegou a tomar posesión da praza porque a Comisión de Conflictos a declarou deserta. Cinco anos despois unha sentenza xudicial de marzo de 2000 da a praza ó profesor López Buesa que toma posesión en xullo de 2000 (para ter dereito a antigüidade dende o ano 1995) e cesa a continuación. A praza debe saír de novo a concurso no BOE co mesmo perfil que tivera no seu día.

O profesor Membiela di que mentres non se cubran estas prazas, pode crearse unha praza de asociado sen requisitos para cubrir a docencia.

Os profesores R. Berrocal e Tojo din que hai casos excepcionais, como este, nos que non se debe aplicar o criterio económico e que se este criterio se vai flexibilizar, debería decirse como.

O profesor Durany di que no referente ó aspecto académico, as prazas xa existían (unha ocupada pola Sra. Gil de la Peña e outra por unha profesora Titular que se foi a outra Universidade). Como hai crédito docente consolidable, non se debería aplicar o criterio económico. Non se deberían amortizar as prazas, deben saír a BOE.

O profesor Legido e o Sr. Marino resaltan a gravidade de que a docencia estea aínda sen cubrir.

O profesor Carballo di que na actualidade non se imparte a docencia de Enoloxía porque a Comisión de Docencia bloqueou no seu día a decisión do Departamento.

A Sra. Gil de la Peña di que está disposta a reincorporarse como docente coa figura que se considere oportuno.

O profesor Sánchez Bermúdez di que debe aprobarse a saída a BOE das dúas prazas e que o tema da recontractación debe estudiarse no Consello de Departamento.

O Sr. Santamaría pon en coñecemento dos membros da Xunta de Goberno que por virtude da Sentencia do Tribunal Constitucional, o Consello Social non é órgano competente respecto da amortización de prazas de profesorado xa que o que se dicia no artigo 39.1 da LRU foi declarado nulo en 1987.

O Rector propón que salgan a BOE as dúas prazas e que mentres non se resolven, o Departamento faga unha proposta inmediata para cubrir a docencia. Esta proposta debe ser comunicada antes da seguinte Xunta de Goberno.

Apróbase a saída a BOE das dúas prazas de área de Tecnoloxía dos Alimentos. A contratación de profesor visitante nesta área queda en suspenso.

- Proposta de nomeamento de profesor emérito.

Recibido o informe favorable do Consejo de Universidade sobre a proposta de nomeamento de D. Manuel Fernández Areal como profesor emérito acórdase por asentimento a súa contratación con efectos de 1 de outubro de 2000.

Punto 5. Modificacións puntuais das normas de xestión académica.

Sométense a consideración da Xunta de Goberno modificacións das normas de xestión académica en dous aspectos: (cambios de planos vellos a novos e moratoria na aplicación da disposición transitoria que impide a matrícula no mesmo plano de estudos a estudantes con sete convocatorias esgotadas nunha materia).

Os Sres. Carpintero, Cebral e s Sra. Corbaho piden aclaracións sobre a proposta.

O Rector indica que se garantirá que os estudantes afectados poden realizar a súa matrícula.

Apróbase a proposta por asentimento (anexo III).

Punto 6. Aprobación, se procede, do I master en Xestión de Empresas de Automoción

O Vicerrector de Organización Académica, Don Antón Fernández, di que este master ten o informe favorable da Sección de Títulos e do Servicio de Contabilidade e que as taxas serán sometidas a aprobación no Consello Social, antes do Claustro.

O Sra. Santamaría felicita ós organizadores pola seriedade da presentación e dos contidos propostos.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Rogos e preguntas.

A Sra. Corbacho roga que se fale no Concello para que se dispoña de marquesinas en tódalas paradas de bus. Pregunta se haberá dotación de manuais na sala de estudio de Dereito Económico (respóndeselle que non está contemplado).

A Sra. Arias roga que se poñan os medios para reparar unha serie de averías e desperfectos no edificio da Facultade de Filoloxía e Traducción.

A profesora Roca roga que se estudie a posibilidade de que os coordinadores Erasmus teñan desconto docente ou contraprestación económica. Pregunta pola ampliación de mobiliario no novo edificio de Ourense.

O profesor Legido roga que se actualice a páxina web e que se axilice a negociación sobre os planos de promoción do profesorado.

O Sr. Cebra roga que se tomen medidas para reparar os danos producidos polas chuvias e tormentas na Escola de Enxeñeiros Industriais. Roga que se poña un paso de peons entre a ETS de Enxeñeiros Industriais e o Edificio de Fundación.

O Sr. Carpintero pregunta polos criterios establecidos para que un membro do PAS poida subir de categoría laboral e polas medidas que se toman ante o non cumprimento das obrigas.

O profesor Pena Giménez roga que se informe adecuadamente ós alumnos afectados polos cambios nas normas de xestión académica.

O profesor Santamaría fai neste punto a intervención que figura no anexo I.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 20:30 horas do día 11 de decembro de 2000 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo